

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025530	IES da Pobra do Caramiñal	A Pobra do Caramiñal	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	4º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	13

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se vai a desenvolver: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica.

- Tipo de centro e situación xeográfica. O IES da Pobra do Caramiñal atópase nunha vila mariñeira no concello coruñés co mesmo nome, que conta aproximadamente con dez mil habitantes. Esta localidade atópase nunha unidade xeográfica ben delimitada: "a Península do Barbanza", pertencente ao contorno espacial das Rías Baixas .

Neste IES. pódese cursar ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos (FP): Ciclo Medio de coidados auxiliares de enfermería e Ciclo Superior en Dietética. O Centro Educativo acolle 434 alumnos/as, dos cales 283 cursan ESO, 71 Bacharelato e aproximadamente 80 alumnos en Ciclos Formativos.

- Análise socioeconómico e diagnóstico sociocultural. As principais actividades económicas da poboación son as relacionadas coa industria conserveira e coa pesca. O sector turístico supón tamén unha importante fonte de ingresos. O alumnado provén na súa maioría do propio Concello da Pobra, existindo unha alta porcentaxe de procedencia rural, que se encadra, fundamentalmente, nun contexto familiar de nivel socio-económico e cultural medio, que amosa preocupación pola educación dos seus fillos. Neste senso, cabe destacar que resulta frecuente a ausencia de moitos pais de familia durante boa parte do ano por mor do traballo no mar, o que implica que as nais compren un papel fundamental no labor educativo dos seus fillos. En canto á lingua empregada, o galego é a lingua maioritaria entre pais/nais aínda que descende o seu uso por parte da mocidade. Cabe sinalar que, en xeral, o alumnado dispón de acceso a internet.

Durante este curso 2023-2024 formáronse 2 grupos. Son grupos moi dispares en canto a alumnado, o grupo AB ten 22 alumnos, as e o grupo C ten 8 alumnos/as.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Quen somos?. Onde vivimos?	Mediante diversas actividades o alumnado deberá ser consciente do medio no que vive: o pobo ó que pertence, a identidade propia do lugar no que vive e as súas propias circunstancias.	35	14	X		
2	Quen somos?. Cara onde imos?	Realizaranse actividades e proxectos que axuden a comprender os problemas e desafíos que sofre o medio no que vive e o que pode facer.	35	10		X	
3	Quen somos? Que imos facer?	Actividades que levarán ó alumnado a facerse preguntas e a realizar proxectos que o impliquen co necesario cambio nos seus hábitos e no medio e na contorna na que vive.	30	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Quen somos?. Onde vivimos?	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática escollida.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización dos proxectos		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar minimamente a información necesaria para a realización do proxecto. .		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Facer en tempo e con orde as accións que sexan necesarias para levar a cabo o proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Nivel competencial axeitado para a realización dun proxecto cunha calidade mínima.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Utilización axeitada dos recursos e materiais para a realización dos proxectos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Nivel de comunicación axeitado entre o grupo, a clase e o profesor da materia.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Autovaloración do propio proxecto e os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación dos produtos finais en tempo e forma, cando así o requira o proxecto		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	É capaz de empregar dunha maneira axeitada a linguaxe verbal: corrección, claridade, expresividade, en a eficacia do discurso.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Linguaxe corporal e presenza escénica mínima para enxalzar o discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	É capaz de potenciar as emocións positivas na exposición e controla as emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega axeitadamente os recursos sexan dixitais, audiovisuais ou plásticos na presentación dos produtos finais do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Quen somos?. Cara onde imos?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática escollida.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización dos proxectos		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar minimamente a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar de forma axeitada as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever, controlar e solventar os inconvenientes que poidan producirse no desenvolvemento do proxecto e propoñer posibles solucións.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados. e as competencias necesarias para a realización cunha mínima calidade requerida.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións dentro do seu proxecto.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar minimamente os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar dunha maneira axeitada, cando así o ten que facer, os produtos finais, en forma e tempo.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	É capaz de empregar dunha maneira axeitada a linguaxe verbal: corrección, claridade, expresividade, en a eficacia do discurso.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Utiliza unha linguaxe corporal axeitada e é capaz de realizar un discurso eficaz.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	É capaz de potenciar as emocións positivas na exposición e controla as emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega axeitadamente os recursos básicos, sexan dixitais, audiovisuais ou plásticos na presentación dos produtos finais do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Quen somos? Que imos facer?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática escollida.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización dos proxectos		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar minimamente a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar de forma axeitada as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever, controlar e solventar os inconvenientes que poidan producirse no desenvolvemento do proxecto.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Facer en tempo e con orde as accións que sean necesarias para levar a cabo o proxecto.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados, e as competencias necesarias para a realización cunha mínima calidade requerida.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións dentro do seu proxecto ou actividade.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar minimamente os resultados logrados		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar dunha maneira axeitada, cando así o ten que facer, os produtos finais, en tempo e forma.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade sendo eficiente no seu discurso		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	É capaz de potenciar as emocións positivas na exposición e controla as emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega axeitadamente os recursos básicos, sexan dixitais, audiovisuais ou plásticos na presentación dos produtos finais do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade é fomentar o interese pola lectura, a cultura e a arte e desenvolver a confianza, autoestima, autonomía e traballo en equipo. Os proxectos será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto ou nalgúns casos de maneira individual.

Para facilitar a concreción curricular desta materia establécense tres bloques: primeiro bloque, plan de traballo (de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas); segundo bloque, resolver os problemas ou executar os proxectos planificados (unha vez establecido o plan de traballo); terceiro bloque, presentación do proxecto por parte do alumnado (cómpre reforzar a presenza da comunicación nas aulas, e esta materia parece un ámbito adecuado para o facer, non só se pretende unha simple exposición, senón tamén a presentación dun discurso, á parte do emprego de soportes audiovisuais e informáticos de apoio. O que aparece a continuación é un breve resumo do que se realizará ó longo do curso.

ACTIVIDADES E PROXECTOS (sempre con posibilidade de modificacións e aportacións por parte do alumnado.)

1ª AVALIACIÓN. Trataranse contidos e realizaranse actividades e proxectos relacionados coa educación emocional como elemento esencial do desenvolvemento humano; o coñecemento básico do lugar onde vive o alumnado (o seu ambiente, a súa contorna), A Pobra do Caramiñal. Entre os contidos traballarase a toponimia e a arquitectura popular da vila sobre os que se realizarán cadanseu proxecto.

2ª AVALIACIÓN. Trataranse contidos relacionados co desenvolvemento sostible, a pegada ecolóxica, a sobreexplotación dos recursos e o problema da contaminación na nosa Ría.

O alumnado deberá realizar actividades relacionadas con estes contidos e un proxecto final onde se traballe sobre todo a competencia en conciencia e expresión cultural. Os proxectos poden ser segundo os seus intereses dende: unha historia gráfica; unha obra gráfica; unha curtametraxe; vídeo; miniobra de teatro; un mural -mínimo tamaño A2-; obras artísticas con material reciclado, ...) que trate algúns dos aspectos relacionados con esta problemática.

3ª AVALIACIÓN. Será un trimestre onde á parte das actividades pautadas polo profesor, o alumnado dedicará a maior parte das sesións á realización do seu proxecto

Posibles proxectos, segundo grupos:

- Imos botar o maio (pequeno horto escolar onde o alumnado realizará diversas tarefas agrícolas. Primeiro fertilizaremos con esterco e algas recollidas da praia. Botaremos o maio, como xente da terra que somos, plantaremos leitugas, repolos, sementaremos millo do país, ...;
- Realizaremos traballos de acondicionamento da charca e arredores.
- Posibilidade de que algún grupo realice un mercadillo con fins benéficos (para unha asociación, protectora de animais, ...) onde se poidan vender produtos de segunda man -libros, outros obxectos, ...-
- Realización dun dossier fotográfico sobre algún aspecto relacionado coa natureza, o desenvolvemento sostible, .

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador.
Equipamento de fotografía e gravación (móviles, ..) que serán propiedade do alumnado
Materiais didácticos teóricos facilitados polo profesor da materia

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases durante a primeira avaliación será na aula asignada e para a parte práctica a aula de informática, onde os distintos grupos buscarán a información e realizarán o proxecto. Así mesmo durante a primeira avaliación realizarase unha saída co alumnado onde veremos "in situ" as características básicas e modelos da arquitectura popular da Pobra do Caramiñal.

Na aula de grupo realizarase tamén a exposición do proxecto.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinente. Tanto a proba como as distintas adaptacións ou reforzos que se lle realicen ó alumnado sempre terá en conta a pouca carga de contidos e lectiva que ten a propia materia e a natureza práctica que a impregna por completo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	35	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

En todas as avaliacións terase en conta a entrega, en forma e tempo, e a presentación tanto das actividades como do proxecto/s, se é o caso, no que estivera integrado o alumno.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo individual e cooperativo, realización de tarefas individuais, presentación, orde, produtos finais, claridade expositiva...

No caso de actividade individual avaliarase como tal, a maior parte de las avaliaranse mediante rúbrica e nalguna ocasión concreta poderase empregar un cuestionario de autocorrección onde apareza unha nota final.

A nota de cada avaliación obtérase da suma das distintas actividades e proxectos que debe presentar o alumnado.

- O 30 % será para as distintas actividades que presente o alumno nese apartado.

- O 70 % será para o/s proxectos que presente o alumno en cada avaliación.

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

NOTAS ALUMNADO ERASMUS

O alumnado que durante algún trimestre realice actividade ERASMUS teráselle en conta as actividades realizadas durante o trimestre tanto no noso centro como no centro ERASMUS e aceptaráselle a nota que traia. De tódolos xeitos estarase sempre en comunicación coa dirección do centro e co propio alumnado.

Criterios de recuperación:

Recuperación por cada avaliación:

-En primeiro lugar daráselle unha oportunidade ó alumno que non superara o trimestre de entregar ou mellorar aquelas actividades ou proxectos que non tiveran avaliación positiva.

- Pasado un tempo prudencial sen que este entregue o mencionado con anterioridade, deberá realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados en cada actividade ou proxecto.

A nota das actividades realizadas novamente, xunto coas entregadas con anterioridade no trimestre será a nota da avaliación parcial. Se realizara a proba escrita, esta representará a nota da avaliación parcial correspondente.

Se aínda así non recuperara algún trimestre e non houbera posibilidade, por cuestión de tempo e/ou cuestións didácticas, de realizar unha nova actividade de recuperación, agora, si realizaráselle a media dos distintos trimestres, e se estivera entre un 4,5 e un 5, considerarase que o alumno superou a materia.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña que realizar unha avaliación final, por ter unha ou varias avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados durante o curso ou as avaliacións suspensas.

Tanto o redondeo, como a nota media final, só se aplicará cando xa se esgotaran todas as posibilidades de probas de recuperación.

A nota final do alumno será a media das distintas avaliacións parciais.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo

de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero		X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita guiada polo patrimonio cultural e arquitectónico do concello.	Visita guiada por un experto, onde nos falarán da arquitectura popular do concello e tratarán un pouco a súa historia.	X		

Observacións:

Calquera outra actividade que xurda ó longo do curso e se poida vincular co currículo da materia

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Participación activa de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflecte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados